



SEGUNDO CADERNO DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º ESO

Instrucións:

- As actividades deben resolverse en folios en branco cunha escritura clara e un formato axeitado.
- Valorarase a ortografía e a presentación.
- A data límite para presentar os exercicios é o **9 de abril de 2026**.

5ª UD. A Prehistoria

28. Elabora unha liña do tempo na que:

- Enumeres as etapas da Prehistoria
- Sinales o feito que marca o comezo e o final de cada etapa
- Sitúes nas etapas correspondentes as seguintes invencións e descubrimentos:
 - Invención da cerámica
 - Descubrimento do lume
 - Invención da roda
 - Invención do tear
 - Aparición das primeiras velas
 - Emprego do arado

29. Explica o significado dos seguintes conceptos:

- Proceso de hominización
- Revolución neolítica
- Megalitismo

d) Nómade

e) Sedentario

f) Arte rupestre

g) Arte noble

30. Explica que trazos diferencian ós homínidos dos primates:


31. Explica as razóns polas que:

a) Os seres humanos se fixeron sedentarios

b) Xurdiu o comercio

32. Observa as imaxes e completa a táboa:

	Que é?	Para que servía?	Etapas na que aparece
Imaxe 1			
Imaxe 2			
Imaxe 3			
Imaxe 4			
Imaxe 5			



33. Observa a imaxe e responde as preguntas:

- a) Que estás a ver? Cal era a súa función?
- b) Como se denominan este tipo de manifestacións artísticas?



- c) En que etapa da Prehistoria atopamos este tipo de manifestacións?
- d) Que outras manifestacións artísticas coñeces da mesma época?

34. Completa as oracións:

- a) Crese que o _____ é o noso antepasado máis antigo e nós somos _____.
- b) No Paleolítico desenvolveron unha economía _____ baseada na _____ e na _____. As tribos adoitaban establecerse preto _____ (onde abunda a comida). Nas zonas cálidas vivían ó _____, mentres que naquelas máis frías construían chozas ou refuxiábanse en _____.
- c) O dominio do _____ hai 500.000 anos, supuxo un cambio importante, sobre todo para a alimentación das persoas.
- d) O *Homo* _____ foi o primeiro en enterrar os mortos rodeados dun _____ (obxectos de valor para o defunto) e será no Neolítico cando aparezan os primeiros enterramentos conxuntos, chamados _____.
- e) No Neolítico os humanos desenvolveron unha economía _____ baseada na _____ e na _____. Iso provocou que as persoas se volveran _____ e crearan as primeiras aldeas ou poboados.

- f) No Neolítico seguían adorando ás _____ e tamén tivo importancia o culto á fertilidade, representado en pequenas figuras de arxila chamadas _____ que se enterraban para pedir boas colleitas.
- g) Hai uns 7000 anos os seres humanos comezaron a fabricar obxectos de metal. Primeiro utilizouse o _____, despois o _____ e, máis tarde, empregouse o _____. Ademais, pouco a pouco foron perfeccionándose as técnicas de traballo destes metais: primeiro traballouse o metal en frío, despois utilizouse a _____ e, por último, empregouse a _____.
- h) Na Idade dos Metais, co desenvolvemento do comercio, as aldeas e poboados creceron ata converterse en _____ e tamén aumentaron as _____ entre as diferentes poboacións por ver quen controlaba os recursos dunha zona.


6ª UD. As civilizacións fluviais: Mesopotamia e Exipto

35. Interpreta o mapa e responde as preguntas:



- a) Enumera as civilizacións fluviais de leste a oeste:
- b) En que continentes apareceu cada unha?
- c) Xunto a que río se desenvolveu cada unha?

36. Completa a seguinte pirámide da sociedade mesopotámica. Indica, ademais, algunha característica de cada un dos grupos.



37. Imaxina que es un escriba en Exipto:

a) Cales serían os teus instrumentos de traballo?

b) Como se chama o teu tipo de escritura?

38. Define os seguintes conceptos:

a) Politeísmo

b) Cigurat

c) Escriba

d) Pirámide

e) Faraón

39. Explica a diferenza entre os seguintes termos:

a) Terras vermellas e terras negras:

b) Mastaba e hipoxeo:

c) Cigurat e pirámide:

d) Arco e bóveda:

e) Faraón e *Patesi*:

40. Explica a importancia do río Nilo para o desenvolvemento da civilización exipcia.

41. Debuxa e explica unha pirámide da sociedade exipcia.

42. Identifica os símbolos do faraón que aparecen na seguinte imaxe. Que simboliza cada un deles?



1: _____

2: _____


3: _____

4: _____

5: _____

6: _____

43. Completa os recadros da seguinte imaxe:



44. Completa as seguintes oracións:

- a) Mesopotamia significa <<entre ríos>> e recibe este nome porque o seu territorio estaba comprendido entre os ríos _____ e _____.
- b) Os mesopotámicos non coñecían a moeda, por iso o comercio facíase mediante o _____ ou con láminas de prata, enroladas como un brazaletes.
- c) Os mesopotámicos eran grandes construtores, aínda que, como construían con ladrillo e _____, quedan poucos restos das súas edificacións.
- d) Nos meses de _____ as chuvias torrenciais caídas no curso alto do Nilo provocaban unha subida do caudal que, cando se retiraban, deixaban sobre as beiras o _____, que fertilizaba a terra.
- e) Exipcios e mesopotámicos crían en moitos deuses, é dicir, eran _____.

8ª UD. A civilización grega

45. Define os seguintes conceptos:

a) *Polis*:

b) Aristocracia:

c) Democracia:

d) Oligarquía:

46. Explica a diferenza entre os seguintes termos:

a) Ágora e acrópole:

b) *Ekklesia* e xerusía:

47. Completa o seguinte esquema sobre a sociedade grega. Debaixo da imaxe indica, ademais, que dereitos ou privilexios tiña cada un dos grupos:



48. A que me estou a referir? Lee as seguintes oracións e escribe o concepto ao que están a facer referencia:

- a) _____: Eran os fillos de deuses e humanos e foron considerados semideuses.
- b) _____: Competicións deportivas máis famosas da Antiga Grecia.
- c) _____: Enfrontamento entre gregos e persas.
- d) _____: Enfrontamento entre os gregos no que se dividiron en dous bandos: un liderado por Esparta e outro por Atenas.
- e) _____: Nome da institución ateniense formada por 500 cidadáns maiores de 30 anos que decidía os temas dos que se ían falar na *Ekklesia*.
- f) _____: Nome da península na que se asentou a civilización grega.
- g) _____: Nome co que os gregos denominaban o seu territorio.


- h) _____: Nome co que se denomina ás familias máis ricas en Grecia. Significa “os mellores”.
- i) _____: Construción grega, que aproveitaba a ladeira dunha montaña para construír a gradaría, na que se representaban traxedias e comedias.
- j) _____: Nome da civilización (e dunha ensalada de froitas) á que pertencía Alexandre Magno e que someteu ás *polis* gregas.

49. Acabas de chegar a Atenas e estás a visitar o Partenón, templo dedicado á deusa Atenea, saberías responder as seguintes cuestións?



- a) Con que tipo de columna/orde foi construído o templo? Dá dúas razóns que xustifiquen a túa resposta:
- b) Identifica as partes do templo que aparecen sinaladas na imaxe superior:
- 1
 - 2
 - 3
 - 4

c) A continuación tes un plano do Partenón, poderías indicar como se chaman as diferentes estancias?



50. Observa a imaxe e di se as seguintes columnas son dóricas, xónicas ou corintias e da dúas razóns que xustificquen a resposta en cada caso:

A



B



C



9ª UD. A civilización romana

51. Define os seguintes conceptos:

- a) Monarquía
- b) República
- c) Imperio
- d) Guerras Púnicas
- e) Patricios
- f) Plebeos
- g) Romanización

52. Completa a seguinte liña do tempo coas tres grandes etapas da historia de Roma. Debes incluír:

- a) O nome da etapa
- b) A data de comezo e final de cada etapa (753 a.C., 509 a.C., 27 a.C., 476 d.C.)
- c) Un acontecemento importante por etapa (*por exemplo: Fundación de Roma*)

53. Explica a diferenza entre os seguintes conceptos:

- a) Patricios e plebeos
- b) Deuses do Estado e Deuses domésticos
- c) Monarquía e República
- d) Arco de medio punto e Bóveda de canón

54. Explica as razóns polas que:

- a) Xurdiu a crise da República no século I a.C.:

- b) O cristianismo pasou de ser unha relixión perseguida a ser a relixión oficial do Imperio:

- c) Os romanos son considerados grandes enxeñeiros:

55. Completa as seguintes oracións:

- a) Segundo a tradición, Roma foi fundada no ano _____ a.C. nas proximidades do río _____.
- b) As Guerras Púnicas foron os enfrontamentos de Roma contra a cidade de _____ polo control do _____.
- c) O primeiro emperador de Roma foi _____, quen recibiu o título de _____.
- d) Os romanos adoptaron a maioría dos deuses gregos. Por exemplo, o deus grego Zeus foi para os romanos _____ e Hera foi _____ (*Pista: busca os nomes dos deuses gregos e a súa correspondencia romana*).
- e) O latín vulgar foi a orixe das linguas _____ actuais como o castelán e o galego.
- f) No ano _____ o emperador Teodosio dividiu o Imperio e no ano _____ produciuse a caída do Imperio romano de _____.

56. Completa a seguinte táboa sobre as principais maxistraturas da República romana:

	Función principal
Cónsules	
Prestores	
Censores	
Edís	
Cuestores	

57. Clasifica e diferencia os seguintes grupos sociais segundo o seu estatus xurídico e os seus dereitos na Roma Antiga. Completa a táboa indicando se tiñan dereitos políticos (votar/ser maxistrado) e se eran libres ou non.

	Dereitos políticos (Si/Non)	Liberdade (Libre/Non libre)	Explicación da súa posición
Patricios			
Plebeos			
Escravos			

Libertos			
Mulleres			

58. Observa a seguinte imaxe e responde ás preguntas:

a) Como se denomina este tipo de construción?

b) Cal era a súa función principal?



c) Que elemento arquitectónico herdado dos etruscos permitía a construción destas grandes obras de enxeñaría?